



Humorista, xornalista, guionista e comunista Dez anos sen Chichi Campos

⇒ X.C.

Morreu o 26 de Febreiro de 1991. Hai dez anos e semella que aínda pode aparecer de súpeto nun recanto da rua. Xesus Campos, foi o humorista dunha época. Acedo e implacábel, agarimoso e desaparecedor, deixa obra que, cumprida unha década, podería facelo candidato ao Día das Letras Galegas. E logo por que non?

Xuntouse o tempo enriba a esa morte. Unha vida relativamente curta (1952-1991), pero que deixou sementada de ideas, amor, grácia e compromiso. Xesus Campos, *Chichi*, naceu nas Canarias pero aos tres anos xa estaba na Coruña, sétimo fillo dunha familia de doce irmáns. Moi novo, con dezasete, comeza o seu compromiso político, que o ligou sempre ás ideas e á militancia no Partido Comunista de Galicia. Nunha entrevista en *A Nosa Terra* (nº 406), con quen colaborou con múltiples debuxos e seccións (recollidas no libro *Estampas dun mundo elegante*) resume aquela época fundacional: "nós entráramos a formar parte da opción comunista a raíz de dous sucesos: o Maio francés e a decepción da invasión de Checoslováquia. Para min foi cómodo traballar no partido e traballei trece ou catorce anos. Polos postos que ocupaba -librería, editorial, exposicións, conferencias- era un privilexiado, frente aos núcleos obreiros, especialmente de Vigo e Ferrol, que loitaban polo pan".

Chichi Campos foi lembrado nunha exposición do ano 93, que constitúe unha testemuña daquel frenesi que foi a súa vida. Formado entre "o galeguismo indubidábel en unión do pasado español da República e o antifranquismo", como o retratou Suso de Toro, a súa vida foi plena de activismo, sendo pioneiro nas revistas de humor xa clandestinas, xa legais -sempre foi unha das almas do *Can sen Dono* e aínda no *Xo!* publicaban algúns dos seus debuxos imorrentes, e gañou a vida en múltiples actividades: desde o xornalismo ao deseño gráfico, ou sendo un dos pioneiros na primeira TVG, da que dicía "é un médio novo e sen entender. A TVG está bastante ben dotada de médios e segue co lastre de ter sido montada apresuradamente para gañar unhas eleccións, vicios de nepotismo, ..."


Aparecía e desaparecía Chichi Campos, sempre coa presa tola de vivir, e así definía a súa interminábel imaxinación de creador, "eu falaba pouco de pequeno, pola familia que tiña. Teño formación de *voyeur*, fíxome moito nas cousas. Góstame moito a fotografía, pero teño o decoro necesario para non expoñer. Colecciono imaxes, para reter as cousas que me chamaron a atención ou que van desaparecer. É un bon arquivo para a memoria. Ás veces ér-

gome, vexo a televisión, cambio continuamente de canal, poño un disco, logo a rádio, vexo unha rapaza bonita e créome o rei do mundo, tomo un güisqui e escribo. Tamén viaxo moito, vou a Menorca, a Xibraltar, góstame moito Portugal, as Canarias. Estiven hai pouco en Castro Caldelas, ves á xente, fas o xantar co comandante de posto, asimilas tipos, persoaxes, aprendes moito. Adoito marchar cando xa me coñecen demasiado". Pasaron dez anos e hai que volvelo a coñecer. ♦



PEPE CARREIRO

Un dos numerosos debuxos de Chichi Campos, que, na fotografía da dereita, escribe na antiga redacción de *A Nosa Terra*.



Perú

MANUEL CIDRÁS

Falan os telexornais das eleccións en Perú, onde haberá segunda volta entre Alejandro Toledo e Alan García resucitado, e quere a casualidade que estea eu relendo a *Conversación en La Catedral*, de Vargas Llosa, que xira en torno á cuestión, obsesiva, de en qué momento se había jodido Perú, como é ben sabido. ¿Sería con Pizarro tal vez? ¿Ou quizais con Fujimori?

A historia política de Perú é particularmente frustrante. Do país naceron dous dos líderes máis senlleiros dos movementos reformadores latinoamericanos: José Carlos Mariátegui, logo Comunista, e Víctor Raúl Haya de la Torre, fundador da Alianza Popular Revolucionaria Americana. O primeiro morreu prematuramente e pasou á historia como un dos introdutores do marxismo en América Latina; o segundo foi lonxevo, e a súa historia foi a da dexeneración do ideal bolivariano, con tintes marxistas, indixenistas e sobre todo populistas, que inspirou o APRA.

O APRA era o partido dos *cholos*, dos pobres, dos mestizos, o fustrigador dos oligarcas. Flutuando permanentemente entre o radicalismo e a moderación, coa chegada ao poder de Alan García en 1985 consagrou definitivamente a intuición popular de que tódolos políticos van roubar. Esta idea, xunto cun claro repregue do APRA cara a posicións centristas, deixou o camiño aberto ao novo populismo de Alejandro Toledo, un *cholo* triunfador casado cunha *ianqui*. Aínda que Alan García retivo máis votos dos esperados, os *cholos* abandonaron o seu partido de sempre para votar directamente a un deles.

A segunda volta vai confrontar ao populismo peruano co seu pasado. ♦

VOLVER AO REGO

Cando hai un accidente de autobús reclámase seguimento dos condutores, tacógrafos dixitais non manipulábeis e unha chea de medidas que aumenten a seguridade. Agora vaise por unha ponte ourensá un autobús dunha das múltiples empresas do conglomerado *Monbus*, e habería que cavilar: acaso non están a pedir os traballadores en folga dunha filial (*La Unión*), entre outras medidas, estabilidade laboral para aumentar a seguridade? A Xunta ten que cavilar unha miga nesta folga inacabábel. ♦